

UNIDADE
DIDÁTICA

4



**A PALABRA
DA LOITA**

UNIDADE DIDÁCTICA 4

Título: *A PALABRA DA LOITA*

PRESENTACIÓN

A palabra da loita

A nosa literatura sempre foi un espello no que se reflectiron as inquedanzas, os desexos e os soños do noso pobo, pero tamén foi un lugar onde as loitas dos homes e mulleres que vivían no noso país atoparon espazo para manifestarse e facerse máis fortes. Nesta unidade didáctica, afondaremos nas historias e nas palabras dos nosos autores galegos, descubriendo como as súas verbas afrontan realidades de movementos sociais do momento.

Galicia viviu momentos de grandes cambios económicos e sociais. A emigración masiva e as condicións de traballo precarias foron temas que tocaron as vidas de moitas e moitos galegas e galegos. A literatura serviu, en moitas ocasións, para denunciar situacións e expresar as ansias de liberdade e cambio.

Nesta unidade mergullarémonos na obra de Ricardo Carvalho Calero, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor que foron narradores e homes comprometidos coa súa época e o momento que lles tocou vivir.

Esta unidade vai dirixida ao alumnado da ESO, especialmente indicada para os cursos da segunda etapa, aínda que polos autores que imos citar estaría pensado para 4º curso.

A unidade está organizada para poder desenvolve-la en tres sesións, aínda que os contidos poden adaptarse ás necesidades de cada docente segundo a súa dispoñibilidade.

| | | | | | |
|--|---|---|--|---|----------|
| UNIDADE DE PROGRAMACIÓN <i>“A palabra da loita”</i> | | Temporalización | 2º trimestre | Sesións | 3 |
| Etapa | Secundaria | Curso | 4º | | |
| Materia | | Lingua e Literatura Galega | | | |
| Relación interdisciplinar entre áreas | | Historia, Historia e Xeografía de Galicia, Lengua Portuguesa | | | |
| Situación de aprendizaxe | | Trivial literario (crear un trivial con preguntas relacionado cos autores desta unidade) | | | |
| Intención Educativa | | <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer tres autores claves da literatura galega e as súas obras. 2. Identificar os temas e a intención da escrita dos autores estudados. 3. Elaborar un trivial no que se recolla parte da información sobre o tema tratado na unidade. | | | |
| ELEMENTOS CURRICULARES | | | | | |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> • B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | <p>7. B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC | |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE | |

| | | | | |
|--|---|--|---|--|
| | | | <p>pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.</p> | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CLL ▪ CSC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|---|--|---|
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l ▪ ñ | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC |

| | | | | |
|---|--|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente e textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |

| | | | | |
|---|---|--|--|---|
| | analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ l | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC |
| | | | <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC |

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais afectan a todas a áreas do proceso de aprendizaxe e ademais responden a problema da sociedade polo que se manifestan como unha necesidade educativa permanente para formar persoas con capacidade de resolver problemas da vida real e da sociedade actual.

A nosa situación de aprendizaxe atende directamente aos seguintes contidos transversais:

- a. Comprensión lectora: evidentemente coa lectura da obra do autor estudado, en primeiro lugar.
- b. Expresión oral e escrita: na redacción e exposición do tema.
- c. Comunicación audiovisual e TIC: na busca de recursos e creación de contidos.
- d. Educación emocional e de valores: interpretación dos textos e defensa da liberdade de expresión.
- e. Fomento da creatividade e do espírito científico: ao longo das actividades de creación desenvoltas neste proceso.
- f. Educación para a saúde: implicando os factores de sufrimento psicolóxico que poden producir as situacións de dificultade na que se teñen que desenvolver estes autores, tanto polo contexto sociopolítico que lles tocou vivir, coma pola precariedade do idioma no que pretenden expresarse.

METODOLOXÍA

Nesta situación de aprendizaxe mestúranse diversa metodoloxías que nos axudan a conseguir as aprendizaxes necesarias e a mellorar o desenvolvemento persoal do alumnado en convivencia coa sociedade que os rodea.

Algúns dos métodos de traballo que empregaremos serán:

- o Aprendizaxe cooperativo.
- o Aprendizaxe baseado en tarefas.
- o Aprendizaxe baseado en problemas.
- o Aprendizaxe Cooperativo.
- o Aprendizaxe baseado na indagación.

Ademais terase en conta a na situación de aprendizaxe o desenvolvemento e características de cada neno, garantindo unha educación inclusiva. A este respecto debemos indicar que o DUA (Deseño Universal da Aprendizaxe) será un elemento constante no nosa metodoloxía posto que todos/as nenos/as aprenden de modo diverso e benefíciense á vez dos modelos diferenciais dentro da aula.

A función do docente será de guía-facilitador da aprendizaxe, tentando desenvolver as capacidades autónomas de busca de información e interiorización de contidos.

| SECUENCIACIÓN DIDÁCTICA | |
|--------------------------------|--|
| Recursos | Sesión 1 |
| Aula de referencia | <p>1. Presentación do contexto social e histórico (20 minutos)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Breve explicación da Galicia do XIX e do XX, destacando a emigración e as condicións laborais. • Discusión na clase sobre as razón da emigración masiva e dos efectos na nosa sociedade. |
| | <p>2. Análise das lecturas: (30 minutos)</p> <p>Lectura e comentario sobre o tema tratado e a súa relación co contexto histórico-social no que vive, poñendo en valor tanto a creación artística como o aporte cultural, social e vontade reivindicativa dos autores.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fragmento de <i>Xente ao lonxe</i>, de Blanco Amor • Fragmento de <i>Reticências</i>, de Carvalho Calero. • Fragmento de <i>Longa noite de pedra</i>, de Celso Emilio Ferreiro. |
| Recursos | Sesión 2 |
| Aula de informática | <p>Despois de aprofundar nas lecturas da sesión anterior propoñemos realizar un trivial sobre a literatura galega e a reivindicación social e especialmente do movemento obreiro en Galicia a través da creación dun trivial.</p> <p>Para iso, na aula de informática e por grupos de 3 ou 4 alumnos, adicarán a sesión a buscar información relativa ao tema con datos sobre o movemento, os autores (vida e obra) e temas sociais sobre os que traballaron.</p> <p>Redactarán 10 preguntas sobre a unidade coas súas respostas que gardarán nun documento electrónico.</p> |
| Recursos | Sesión 3 |
| Aula de informática | <p>Nesta última sesión subirán o contido da sesión anterior a un documento conxunto (Power Point, Canva, Genially...) e daráselle formato para que sexa un traballo uniforme.</p> <p>Poderase aproveitar o resto da aula para poñelo en práctica e xogar por grupos!!</p> |

***Debemos incidir en que estas sesións poden estenderse no caso de que se queira aprofundar nas lecturas e nos autores ou acurtalas e deixar o xogo do trivial como mero exercicio de busca de información, sempre adaptándose ás necesidades do profesorado.**

| AVALIACIÓN | | |
|-----------------|--|---|
| Procedementos | Actividade/Produto | Instrumento |
| Sesión 1 | Participación no debate e respostas ás preguntas que se formulan por parte do profesorado e/ou alumnado. | Escoita activa das respostas e da forma de interactuar do alumnado. |
| Sesión 2 | Resposta do exercicio de busca de información | Táboa de logros de actividade |
| Sesión 3 | Resposta ao exercicio e participación do alumnado na actividade | Escoita activa das respostas e da forma de interactuar do alumnado. |

PROPOSTA DE TEXTOS A LER

Cando chegaron o Quintín e os seus homes, atoparon unha mesta moitedume de homes, inmóvel, enchendo o adral, e greas de mulleres e rapaces no limiar das portas da eirexa. O lugar, o día de festa, as roupas de gardar e os panos rechamantes e ledos das mulleres, dábanlle a aquélo un aer de romaxe múo i estantío. Os xendarmes, co tenientiño ao fronte, fixeron algúns algareos e trotes dos cabalos arrincando faíscas coas ferraduras nas lousas do grande adro do Mosteiro. Como a xente non se movía nin somellaba porlle moita atención aos alardes, o tenientiño sacóu o sable e todos sacaron os sables, e puxéronse en posición e quedaron quedos como si os foran retratar; e uns “americanos” do lugar de Coirós, que estaban axaxando na cima da torre con carís de rexouba, puxéronse a aplausar. O tenientiño fíxolle aceno ao cornetín, e o toque de atención rachóu o cristaíño aer de xunio. Todo moi propio e cabal, como un ledos e vello xogo de rapaces. Agardaron outro pouco e como ninguén se movía, os xendarmes co tenientiño ao fronte, meteron os cabalos entre o xentío pro ninguén abalóu e deixáronse caír sentados. Entón o Quintín Amor e a súa xente, fóronse dando un arroteo i entraron por unha porta do costado, pro resultóu que dentro da eirexa había outros homes e fixéronos saír pola porta aos arrepuxóns. Sin máis toques de cornetín, os cabalos galloparon por enriba da xente; logo recuaron, sempre co tenientiño a carón; botaron pé a terra e fixeron dúas descargas.

Blanco Amor, *Xente ao lonxe* (1972).

Cruzando a ria
pola ponte das Pias,
se os obreiros de Astano
nom cortarom o tráfico,
entrarei em Ferrol, a minha terra.
Se o cortarom, daquela,
hei tomar o caminho antergo,
e passar por Narom, pé do mosteiro
de Sam Martinho,
polos eidos de Esquio.
De um jeito ou outro,
hei de entrar no meu povo,
para ver se tropeço
nunha rua qualquer de Ferrol Velho será a de Sam Francisco, a do Socorro?-
com o neno que fum e que foi outro;
aquele que fum e que nom fum entom,
quando eu non era o velho que hoje som

Carvalho Calero, R., *Reticências* (1990)

Agora tomo o sol. Pero até agora
traballei cincoenta anos sin sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastei o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocidade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.
Ben pensado, o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.
Mentras o tomo, espero.

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra* (1978).